



# O europeísmo de Franco Grande

## Description

Xosé Luís Franco Grande tivo no europeísmo un dos seus grandes referentes intelectuais. Formado nesa xeración que nos anos cincuenta ollaba para Europa como meta para Galicia, as ideas europeístas formaron parte indisoluble do seu galeguismo. Nun tempo en que o proxecto europeo daba os seus primeiros pasos, Franco Grande ollaba con esperanza aquela ventá de oportunidade que Galicia podería explorar para recuperar a senda da recuperación da súa dignidade nacional nun contexto aínda marcado polo franquismo máis ditatorial.

Hai 15 anos, nunha monografía do IGADI a modo de reflexión colectiva e plural sobre o europeísmo de Ramón Piñeiro (con achegas de Ramón Lugo, Pérez-Barreiro Nolla, Camilo Nogueira, Fernández Albor, Agís Villaverde), recuperaba un texto inédito que escribira á idade de 20 anos. Nel sintetizaba o pensamento e a visión arredor da visión federalista que promovía Denis de Rougemont, autor de cabeceira para moitos deles. Europa como cultura: nela radica a forza do seu porvir, que necesariamente debe fundamentarse na idea democrática.

Aquel Franco Grande cría que o ideal europeo debía afincar firmemente na súa tradición cultural, no humanismo e na procura do ben común. A Europa do libre desenvolvemento dos pobos ben afastada de calquera caste de cobiza imperialista como tamén da superación do concepto de Estado-nación. Era a Europa da federación de comunidades básicas que explorara Ramón Lugo a modo de blocos de construción do edificio federal europeo. Por certo, que Lugo reivindicaría sempre o importante papel de Xaime III nesta cuestión, moito mellor informado que Piñeiro.

Non sen certa nostalgia, no propio Franco Grande, aquela Europa en gran medida utópica foi quedando atrás e cedendo paso trala fin da guerra fría a outras magnitudes máis distanciadas e críticas. E ata chegaría a asumir que o ideal daquela Europa onde Galicia podería desenvolver a súa personalidade diferenciada corría moi serio risco de resultar máis desdubada que entón a pesares dos tímidos avances experimentados nas últimas décadas trala reformulación do proxecto europeo e a integración ibérica nel. Fronte á aparencia de proximidade colateral ao rumbo que trazara Castela no Sempre en Galiza (autonomía, confederación con Portugal, ingreso na unión europea, unión mundial) como frontispicio do seu pensamento, non podía dar por realizada aquela esperanza.

Asesor do IGADI, Franco Grande mantivo sempre ese interese por Europa e, en xeral, polas cuestións internacionais. Sintonizaba coa Europa social, multicultural, solidaria e defensora da paz pero era igualmente crítico cos seus déficits ou coa súa submisión ao comportamento imperial de Washington. Comprometido co ideal democrático e pacifista, o seu europeísmo tardío incorporou unha visión máis escéptica, louvando o papel dos movementos alternativos ante a deriva tecnocrática do proxecto.

Franco Grande foi un persoeiro de ampla cultura, libre de ataduras. En contraste cos tempos actuais en que na cultura semella importa máis o ser parte ou afín dunha determinada oligarquía ancorada no sistema cultural, Franco Grande é un recordatorio da importancia da independencia e da liberdade de xuízo. A catro anos do seu falecemento, lembrámolo sempre con afecto e respecto.

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa Acción exterior de Galicia

## ETIQUETAS

UE europeísmo Franco Grande

## INVESTIGACION

Paradiplomacia Unión Europea

## Date Created

Abril 19, 2024

## Meta Fields

**Autoria :** 3717

**Subtitulo :** Artigo publicado orixinalmente en Praza pública, o 31 de marzo do 2024